




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Altas. Sector: Costa Norte de Ferrol. Concello: Ferrol. Parroquia: San Xurxo da Mariña. Extensión: 2,19km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Trátase dun monte-illa acantilado, separado do resto do continente polo corredor deprimido de xistos de Covas-Doniños. Puido estar practicamente illado nas principais transgresións mariñas. Cantís formados por unha parede vertical de potencia variable e vertentes de teito tendente á horizontalidade ou con pendente suave e gradual. A unidade encóntrase cuberta por un manto eólico procedente dos areais de San Xurxo e Doniños. Inclúe o EIX Xeoformas e complexo sedimentario de Doniños.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Toda a unidade, incluíndo as illas Herbosa e a Gabeira Interior, baséanse nunha granodiorita postectónica moi grosa de dúas micas. A illa Gabeira Exterior está composta por un material melanocrato sen determinar.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente acantilada de clima homoxéneo cun réxime ombrotérmico Cálido e Subhúmido. A temperatura media anual supera os 15°C e as precipitacións medias acadan valores entre 1000mm e 1200mm ao ano. A oscilación térmica rolda os 13°C.

OS SOLOS

A unidade granítica contén potencialmente umbrisois dístrico-lépticos debido á litoloxía e a topografía. Sen embargo, haberá que ter en conta que existe un manto eólico que potencia o desenvolvemento de arenosos en boa parte da unidade.


AS AUGAS

Vertente acantilada carente de rede fluvial significativa na que tan só se desenvolven pequenas valgas de forte pendente que desaugan na masa de Augas Costeiras 20123.

O PATRIMONIO NATURAL

Costa do IBA Costa de Ferrolterra-Valdoviño. A unidade, no LIC Costa Ártabra, é acantilada con especial relevancia para o hábitat 1230 de cantís costeiros atlánticos. Ademais, son numerosos os coídos que lle dan presenza ao hábitat 1210, "Vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados". Un manto eólico cobre todo o monte e permite o desenvolvemento, en lugares de gran excepcionalidade, de hábitats do grupo 21 e do 22, 2230, "Dunas con céspedes de *Malcolmietalia*" e 2260, "Dunas con vexetación esclerófila de *Cisto-Lavanduletalia*". Presenza non citada no Libro Vermello da Flora Vasculosa Española de *Antirrhinum majus* subsp. *linkianum*.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Sobre este saínte rochoso desenvolveuse un manto eólico derivado dos sistemas dunares de Doniños e San Xurxo, que se estabilizou a partir do desenvolvemento de manchas de vexetación diversa. A de maior extensión corresponde á matogueira costeira que ocupa o teito do cantil. Nas zonas favorables topograficamente, existen pequenos rodais de especies hidromórfas e, finalmente, o mosaico vexetal complétase con arboredo de repoboación no seu extremo norte, entre Punta Herbosa e Punta de San Xurxo.

MORFOLOXÍA

As dinámicas socioeconómicas e naturais preservaron este saínte rochoso de vertentes suaves que morren sobre paredes acantiladas da aparición de asentamentos, a excepción do que fala o castro de Lobadiz.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Non existe ningunha vía asfaltada. Unha rede de pequenos carreiros de anchura variable entretécen a zona.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O elemento patrimonial máis importante é o Castro de Lobadiz, nunha privilexiada localización fronte ás illas Gabeiras no que se recoñecen as formas da súa dobre muralla defensiva.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Atopámonos ante un promontorio acantilado de formas suaves e privilexiadas panorámicas da costa ártabra, no que o Castro de Lobadiz, fronte a unha das dúas illas próximas a este Monte de San Xurxo, constitúe un importante foco de interese patrimonial. Neste excelente miradoiro, a pegada humana ten deixado unha excesiva trama de sendas e manchas de bosque de repoboación.

DINÁMICA DA PAISAXE

O dinámicas presente nesta pequena unidade están vinculadas a procesos naturais, relacionados coa evolución da vexetación fixada sobre o manto eólico, os procesos de erosión das paredes de cantil e en menor medida ao uso contido de explotación forestal nas ladeiras de Punta Lavoreira e Punta de San Xurxo.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Os valores ambientais deste privilexiado promontorio son recoñecidos na figura de protección LIC. Excelente miradoiro desde o que gozar de boa parte do tramo costeiro do norte de Ferrol. Constatar, igualmente a importancia das pegadas do pasado a través dos restos do Castro de Lobadiz.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



